

Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Resolución do 30 de outubro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre, escala básica, categoría de policía, convocado pola orde do 31 de maio de 2024, pola que se convoca á realización do cuarto exercicio (probas psicotécnicas)

Na sesión que tivo lugar o día 30 de outubro de 2024, o tribunal nomeado pola Resolución do 31 de xullo de 2024, de conformidade coas bases da convocatoria:

ACORDA:

1. Convocar á realización do cuarto exercicio deste proceso selectivo, correspondente as probas psicotécnicas, a todas as persoas que figuran no anexo 1 da resolución deste Tribunal de data 21 de outubro de 2024.

https://agasp.xunta.gal/sites/w_agasp/files/anexo_1_listaxe_provisional_cualificaciones_3oexercicio.pdf

Estas probas, tal e como indica a convocatoria, serán realizadas en dúas xornadas diferentes, así:

- **Á realización efectiva das probas escritas de intelixencia e personalidade**, efectuaranse:

Data: 4 de novembro de 2024

Horas: 11:00 horas

Lugar: Salón de actos da AGASP (Rúa da Cultura, s/n, 36680. A Estrada. Pontevedra)

- **A entrevista persoal:**

Datas: 14 e 15 de novembro de 2024

Horario: De 09:30 h. a 14:00 h. e de 15:00 h. a 20:00 horas



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Lugar: 2º andar do edificio administrativo da AGASP. (Rúa da Cultura, s/n. 36680. A Estrada. Pontevedra)

- O chamamento será único, e as persoas aspirantes convocadas deberán ir provistas de:
 - a) DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade e mantelo en todo momento que duren o/os exercicios a vista.
 - b) Bolígrafo azul e lapis

Non se permite a asistencia de público, nin persoas acompañantes. Comunicase, que a proba de "entrevista persoal" será gravada con imaxe e so, en soporte dixital.

As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas descritas anteriormente e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

2. Como anexo a esta Resolución, este Tribunal fai públicos os criterios que se terán en conta na valoración deste exercicio e informa que para a realización deste exercicio, este Tribunal vai contar coa colaboración de persoal asesor especialista na materia titulado en Psicoloxía.

Esta Resolución poderá ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, do 15 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública

A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

ANEXO . Probas de psicotécnicas.

"Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, e comprobarán que presentan un perfil psicológico axeitado.

Terán que ser efectuadas e valoradas por persoal especialista e cualificaranse como apto/a ou non apto/a. Para superalas será necesario obter o resultado de apto/a no conxunto das probas realizadas.

1ª. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

2ª. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersonais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

3ª. Entrevista persoal.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicológico dos candidatos. Deste modo, aparte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial."

En vista do exposto na convocatoria, e de acordo co expresado polo órgano asesor especialista, os criterios que se seguirán na corrección e realización deste exercicio son:

1. Proba de intelixencia

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas vinculadas ás funcións de policía local.

Os factores que se pretenden medir son: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual e as probas que se implementarán serán:

- Intelixencia Xeral, a través da medición da capacidade de comprensión e de razoamento lóxico. Empregaranse test estandarizados de intelixencia xeral, intelixencia fluída, intelixencia cristalizada e/ou intelixencia emocional.

O punto de corte para considerar APTO/A nesta proba o marcan os baremos da proba estandarizada, para unha poboación xeral.

- Comprensión de ordes, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual. Empregáranse varios instrumentos de elaboración propia e testados con policía locais:

Fotografías/láminas onde o instrutor dará as ordes necesarias para poder discriminar aqueles elementos que son relevantes nunha situación (haberá elementos como edificios, persoas, coches ou obxectos).



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Memoria en condición de estrés e con fatiga intelectual a través de poder reproducir fielmente unha imaxe presentada.

O punto de corte está no recoñecemento do 75% dos elementos relevantes da situación (APTA), polo que previamente se presentarán os baremos de cada proba.

2. Proba de personalidade

- Cuestionario de Personalidade que vai medir factores como a enerxía, o paranoïdismo, o neuroticismo, positivismo, a extraversión, a afabilidade, o tesón, a estabilidade emocional e a apertura mental, así como preguntas de sinceridade.

Considérase NON APTA a persoa opositora que mostre puntuacións baixas nalgún dos factores da proba, tendo en conta a curva de normalidade da poboación adulta xeral.

Considérase NON APTA a persoa opositora que falsee as súas resposta coa finalidade de aparentar algo que non é.

3. Entrevista persoal

Seguindo as orientacións que se explícita na convocatoria, unha vez realizadas as probas de personalidade e de intelixencia, contrastaranse os resultados cunha entrevista.

Nesta entrevista formularanse unha serie de cuestións referidas aos diferentes contextos da persoa candidata con expectativas da función policial. Igualmente, incidirase nos aspectos relevantes da historia persoal e profesional de cada persoa opositora.



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Neste sentido, explorarase se existe ou existiu algún episodio de ansiedade ou estrés na súa vida, se consumiron substancias nocivas para a saúde física ou mental, se tivo algún tipo de prescrición médica ou problemas de saúde significativos.

A persoa entrevistadora valorará as reaccións e comportamentos dos candidatos ante as diferentes situacións hipotéticas que se plantexen na entrevista. Aínda que os test de personalidade non recollen directamente este tipo de reaccións, pode existir unha correlación entre algunhas das respostas aos test e á entrevista, o que permite contrastar con maior exactitude o que se contesta por escrito xunto ao que se contesta verbalmente/non verbalmente. Igualmente, valorarase a sinceridade nas respostas e que non exista falsidade por desexabilidade social.

